INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

Concello de Carballo
Alcaldía
Praza do Concello, s/n
15100 Carballo (A Coruña)

Asunto: acordo de tramitación do expediente de aceptación de solo cedido polo Concello de Carballo e solicitude de parcela idónea para a promoción de vivenda pública.
Procedemento: DTSR-7/2024-ACE

O día 25.11.2024 o Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) recibiu o compromiso do Concello de Carballo para a cesión de solo urbano municipal co fin de promover vivenda pública polo IGVS ou entidade instrumental do sector publico autonómico. O 20.03.2025 a Alcaldía achegou, xunto a reiteración da proposta de cesión da parcela, a documentación relativa á titularidade e condicións urbanística da parcela.

O día 27.03.2025 o director técnico de Solo Residencial emitiu informe sobre a determinación da parcela de titularidade municipal e a suficiencia documental achegada polo Concello. Así mesmo, requiriu informe sobre a idoneidade da parcela e a elaboración de plano topográfico dos terreos declarados idóneos co obxecto de remitir ao Concello para o dilixenciado polos servizos técnicos co fin de constatar que corresponden coa parcela obxecto de cesión.

O día 4.04.2025 a Oficina Técnica de Solo emitiu informe sobre a idoneidade da parcela municipal.

O día 18.11.2024 foi constituída a Sociedade de Vivenda Pública de Galicia, S.A., NIF A75491647 adscrita a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e baixo a tutela do IGVS, de conformidade co texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo, a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e pola Lei 6/2023, do 2 de novembro, de patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia. Entre as actividades do obxecto social figura a promoción de vivenda pública nas mesmas condicións, réxime xurídico e selección de persoas adxudicatarias que as vivendas promovidas polo IGVS.

Polo exposto, de conformidade co artigo 12.2 do Decreto 143/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Instituto Galego da Vivenda e Solo, **acordo** a tramitación do expediente de aceptación de solo municipal e **solicito:**

1 A cesión gratuíta da seguinte parcela á Sociedade Vivenda Pública de Galicia, S.A., con NIF A75491647 e domicilio social en Área Central núm. 9, Fontiñas, código postal 15707, Santiago de Compostela:

- **Parcela nº 15 do proxecto de compensación do polígono 19**
  Localización: rúa Médico José Manuel Lado, nº 18-20
  Superficie: 1.998,00 m^2
  Referencia catastral: 5157824NH2855N0001WM
  Código: C-CARBMED1-ACE

CVE: LHEVj8Os5dY1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

2 A bonificación do 95% sobre a cota tributaria do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, de conformidade co artigo 103.2, letra a), do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, prevé a posibilidade de bonificar ata o 95% "a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais (...) que xustifiquen tal declaración. Corresponderá a antedita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros".

3 A bonificación prevista na súa ordenanza sobre a cota tributaria do Imposto sobre Bens Inmobles (IBI) para vivendas de promoción pública.

O IGVS, partícipe maioritario da Sociedade Vivenda Pública de Galicia, S.A., comprométese a destinar a parcela á promoción de vivenda protexida de promoción pública, nas mesmas condicións, réxime xurídico e criterios de selección das persoas adxudicatarias.

O director xeral do IGVS
Heriberto García Porto
Data e firma dixital

Asinado por: GARCIA PORTO, HERIBERTO
Cargo: Director Xeral
Data e hora: 14/04/2025 13:36:56

CVE: LHEVj8Os5dY1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve